

REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACION FISICA

**APROBADO EN CONSELLO DE GOBERNO
25 DE OUTUBRO DE 2006**

**(Modificado polo Servizo de Asesoría Xurídica o 10 de Xuño de 2013,
aprobado en Consello de Goberno do 23 de xullo de 2013, e adaptado
novamente de oficio por informe do 18 de outubro de 2013)**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente Regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 13 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña (DOG do 26 de maio), e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

A regulación do réxime de funcionamento e organización da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril e o Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro, así como pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de modificación da anterior, no relativo ao Capítulo II. Órganos Colexiados, do Título II, dos órganos das Administracións Públicas, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa, nos que son de obrigado cumprimento o que con carácter subsidiario sexan de aplicación.

Segundo o establecido no Decreto 323/1986, do 30 de outubro, polo que se crea o Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (en adiante Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física), esta Facultade de ensino superior será o organismo rector e impulsor da docencia deportiva en todas as súas facetas, sen prexuízo do establecido na Lei Xeral do Deporte de Galicia 2/1012 do 2 de abril, servindo de canle á formación, especialización e perfeccionamento de diplomados e licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto do Regulamento

O presente Regulamento establece e regula o funcionamento e organización da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente Regulamento será de aplicación á Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña e, consecuentemente, será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto membros da mesma.

Artigo 3. Réxime xurídico

1. A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física rexeráse pola Lei Orgánica de Universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e das Comunidades Autónomas no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente Regulamento de Réxime Interno.

2. En defecto do establecido no presente Regulamento aplicarase a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

3. Contra as resolucións e acordos dos órganos do centro cabe interpor recurso de alzada no prazo dun mes, que se formulará perante o reitor/a no caso de resolucións dictadas por un órgano unipersoal, ou ante o Consello de Goberno, no caso de acordos emanados da Xunta de Facultade. A resolución destes recursos esgotará a vía administrativa e será impugnábel perante a xurisdicción contencioso administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdicción.

TÍTULO I. NATUREZA, FINS E FUNCÍONS

Artigo 4. Natureza

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física é a Facultade encargada da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio español.

Artigo 5. Funcións

Son funcións (artigo 11.2 dos Estatutos da UDC) da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física:

1. Elaborar a proposta dos planos de estudo do ensino que se imparte nelas.
2. Organizar e supervisar as actividades docentes e a xestión dos servizos da súa competencia.
3. Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos estudantes que cursasen ou cursen estudos nelas, sen prexuízo do mantemento, por parte da Universidade, de arquivos centralizados.
4. Expedir as certificacións solicitadas polos estudantes da Facultade.
5. Administrar a asignación orzamentaria da Facultade e controlar os seus propios servizos e equipamentos.
6. Promover actividades culturais e de extensión universitaria.
7. Participar nos procesos de avaliación de calidade.
8. Informar ao Consello de Goberno, xunto cos departamentos correspondentes, para a posible aprobación por parte deste, de plans de

estudo conxuntos con outras Universidades, nacionais ou estranxeiras (artigo 50.2, dos Estatutos da UDC).

9. Celebrar contratos e convenios nos termos da lexislación vixente (segundo o artigo 58.2 dos Estatutos UDC).
10. Calquer outra que lles atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio.

TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DA FACULTADE

CAPÍTULO I. DA ESTRUCTURA DA FACULTADE

Artigo 6. Persoal adscrito á Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Son membros da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física o persoal docente e investigador e de administración e servizos adscritos á mesma, así como os estudantes matriculados nalgunha das titulacións oficiais impartidas pola Facultade.

Artigo 7. Adscrición do profesorado

1. Os profesores que se incorporen á Universidade quedarán adscritos a Facultade que lles asigne o Departamento, atendendo á convocatoria da praza.
2. O cambio de adscrición a Facultades será efectuado polo Reitor a petición do interesado e requererá a permanencia mínima dun curso académico na Facultade anterior e o informe motivado do Departamento e das Facultades afectadas.
3. En caso de que se solicite o cambio de adscrición a outra Facultade por profesores desta Facultade, a Xunta de Facultade elaborará o informe preceptivo propoñendo a autorización da adscrición ou, no seu caso, denegando a solicitude de forma motivada.
4. No suposto de que se solicite por un profesor a adscrición a esta Facultade se procederá do mesmo xeito descrito no apartado anterior.

CAPÍTULO II. DO GOBERNO DA FACULTADE

Artigo 8. Órganos de goberno da Facultade

Para o goberno, representación e administración da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física establécense os seguintes órganos:

a) Colexiados:

- Xunta de Facultade
- Comisión Permanente da Xunta de Facultade
- Comisións de carácter estable:

- Garantía de calidade
- Asuntos económicos
- Persoal e infraestruturas
- Actividades culturais
- Mobilidade de estudantes e profesores
- Comisión de biblioteca (Artigos 14, 16 e 17 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Servizo de Biblioteca, aprobado no Consello de Goberno o 22 de maio de 2008).

b) Unipersoais:

- Decano/a de Facultade
- Vicedecano/a de Facultade
- Secretario/a de Facultade

SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Artigo 9. Composición da Xunta de Facultade (artigo 31 dos Estatutos da UDC)

1. A Xunta de Facultade estará composta por:

- a. O decano ou director, que a convocará e presidirá.
- b. Os vicedecanos ou subdirectores e o secretario, que o será tamén da Xunta.
- c. Todos os profesores con vinculación permanente á Universidade, co límite do 51 por cento do número total de membros da Xunta. Unha representación do resto de profesorado que imparta docencia maioritaria no centro e do persoal investigador e en formación, que colabore na docencia nunha proporción do 12%, sempre que sexa posible.
- d. Unha representación dos estudantes nunha proporción do 28%.
- e. Unha representación do persoal de administración e servizos nunha proporción do 9%.

2. Quen imparta docencia en máis dunha Facultade só poderá ser membro da Xunta de Facultade na que desenvolva maioritariamente a súa docencia.

3. Os representantes na Xunta de Facultade serán elixidos para un período de dous anos.

4. Poderá crearse, nos termos do artigo 16 deste Regulamento, unha Comisión Permanente no seo da Xunta de Facultade.

Artigo 10. Competencias da Xunta de Facultade (artigo 30 dos Estatutos da UDC)

Como órgano colexiado de goberno da Facultade, á Xunta de Facultade correspóndelle:

1. Elixir o Decano/a e, se é o caso, revogalo.
2. Supervisar a xestión dos diferentes órganos de goberno e administración da Facultade.
3. Informar sobre a imprantación de novas titulacións e estudos.
4. Elaborar e aprobar as propostas de planos de estudos das titulacións que se impartan na Facultade.
5. Formular anualmente, antes do comezo do curso académico, o plan docente da Facultade coordinadamente cos departamentos adscritos á Facultade.
6. Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, e coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias impartidas neles polos departamentos, de acordo cos planos de estudo e cos obxectivos establecidos para cada titulación.
7. Programar os servizos e equipamentos da Facultade e máis supervisar a súa xestión.
8. Acordar a distribución dos créditos concedidos á Facultade e controlar a súa aplicación.
9. Elaborar o Regulamento de Rexime Interno da Facultade, propoñelo, para a súa aprobación, ao Consello de Goberno, e estudar as súas modificacións.
10. Supervisar a xestión e servizos da Facultade.
11. Crear as comisións que considere oportunas para o estudo de temas específicos e, se é o caso, revogalas.
12. Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
13. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio.

Artigo 11. Funcionamento da Xunta de Facultade

1. A Xunta de Facultade reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e, polo menos, dúas veces ao ano, e, en sesión extraordinaria, sempre que o Decano/a a convoque por propia iniciativa ou a solicitude do 25% dos seus membros, en cuxo caso se realizará nos trinta días seguintes ao de recepción da solicitude.
2. A orde do día das sesións será fixada polo Decano/a, asistido polo Secretario/a e o equipo decanal, tendo en conta, no seu caso, que calquera dos membros da Xunta de Facultade poderá solicitar a inclusión dun punto na orde do día, mediante escrito xustificado e asinado alomenos polo 10% dos membros da Xunta

ou por todos os membros dun sector da mesma. En tal caso, dito punto incluírase na primeira sesión que se convoque. Se a solicitude de inclusión se fixera posteriormente á convocatoria dunha Xunta de Facultade, quedará para a seguinte convocatoria.

3. A convocatoria será efectuada polo Secretario/a da Facultade por orde do Decano/a ou de quen legalmente o substitúa. Dita convocatoria incluírá a data, hora e lugar de celebración da sesión, así como a orde do día da mesma.

As citacións da convocatoria cursaranse polo Secretario/a, coa antelación suficiente para que todos os membros a reciban corenta e oito horas antes da celebración da sesión, incluíndo unha orde do día explícita, sen referencias xenéricas.

Nela figurarán inexcusablemente as mencións de aprobación da/s acta/s anterior/es, asuntos de trámite, asuntos para a aprobación e rogos e preguntas.

As citacións levaranse a cabo mediante a publicación da convocatoria no taboleiro oficial de anuncios da Facultade. Ademais, debe comunicarse mediante notificación persoal por escrito no buzón que cada membro da Xunta de Facultade dispón nas dependencias da Facultade e notificación en soporte informático.

En todos os supostos a documentación relativa aos asuntos a tratar na orde do día atoparanse na Secretaría de decanato da Facultade a disposición de todos os membros da Xunta de Facultade alomenos con coarenta e oito horas de antelación á celebración da Xunta de Facultade.

4. Cando a natureza dos asuntos a tratar así o requira, a xuízo do Decano/a, poderase convocar ás sesións do Pleno ou, no seu caso, ás dalgunha Comisión, ás persoas que se estime necesario, con voz pero sen voto.

5. As sesións extraordinarias da Xunta de Facultade están sometidas aos mesmos requisitos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse con só vinte e catro horas de antelación e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na Orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes e rogos e preguntas. A documentación relativa aos asuntos a tratar na orde do día atoparanse na Secretaría do decanato da Facultade a disposición de todos os membros da Xunta de Facultade alomenos con vinte e catro horas de antelación á celebración da Xunta de Facultade.

6. Non se permitirá a grabación das sesións, agás se así o autoriza expresamente a Xunta de Facultade por unanimidade ou asentemento.

7. As sesións celebraranse nas dependencias da Facultade en días administrativamente hábiles.

Artigo 12. Constitución

Para a válida constitución da Xunta de Facultade, a efectos da celebración das sesións, deliberacións e toma de acordos, requíerese a presenza do Decano/a e Secretario/a ou, no seu caso, de quen os substitúa, e da metade, alomenos, dos seus membros.

De non se alcanzar dito quorum, e a menos que na notificación se convocara a sesión en única convocatoria, a Xunta de Facultade poderá constituirse en segunda convocatoria, 15 minutos despois, coa presenza da terceira parte dos seus membros e, en todo caso, a do Decano/a e Secretario/a ou, no seu caso, de quen os substitúa.

Artigo 13. Asistencia e desenvolvemento das sesións

1. A sesión estará presidida polo Decano/a asistido polos membros do equipo decanal.
2. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran (artigo 23.1 dos Estatutos da UDC). Para elo, a Facultade garantirá que, nos horarios de celebración da Xunta de Facultade, se suspendan todas as actividades lectivas.
3. A condición de membro dun órgano colexiado é persoal e non delegable.
4. Toda ausencia poderá xustificarse por escrito con anterioridade á sesión en que se produza, perante o Secretario/a de Facultade.
5. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 11, apartado 4.
6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
7. No suposto de excesiva duración do Pleno, quen a preside poderá dispoñer a interrupción da mesma, fixando o día e hora en que debe reanudarse.

Artigo 14. Votacións e adopción de acordos

1. As votacións poderán realizarse por asentimento, a proposta do Decano/a da Facultade, a man alzada, pública por chamamento, ou secreta. O Decano/a da Facultade decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta poderá ser utilizada cando o acordo que deba adoptarse teña carácter persoal. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas á Xunta non susciten oposición de ningún membro do mesmo e que non se requirira outra forma de votación por ningún membro.
2. A Xunta adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstenciones, agás en aqueles supostos en que se exixa, legal ou regulamentarmente, maioría absoluta ou cualificada.
3. En caso de empate nos resultados dunha votación, o Presidente decidirá, co seu voto de calidade.
4. Cando houbese que decidir entre mais de dúas opinións, deberá realizarse unha segunda votación entre as dúas opcións mais votadas inicialmente, agás que una delas acadase xa maioría absoluta dos votos emitidos.
5. Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estean prantexadas en cada punto da orde do día e en relación directa coas mesmas. Tampouco poderán tomarse acordos dentro dos apartados da orde do día correspondentes a *Informes e Rogos e Preguntas*.
6. Iniciada unha votación, esta non poderá interromperse.
7. Non se admitirá a delegación de voto nen o voto por correo. Tampouco será admitido o voto anticipado, agás nos casos establecidos nos Regulamentos electorais da Universidade.

Artigo 15. Actas

1. De cada sesión que celebre a Xunta de Facultade levantarase acta polo Secretario/a, que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que aportaran xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos e o xeito en que estes se adoptaron.

2. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros da Xunta de Facultade, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Asimesmo, calquer membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto ou no prazo que sinale o Presidente, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia á mesma.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado.

4. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, poda derivarse dos acordos.

5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión puidendo, non obstante, emitir o Secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se adoptaran, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

Para a súa aprobación, as Actas estarán a disposición de todos os membros da Xunta dende o momento da convocatoria oficial. Calquera modificación ou inclusión na Acta deberá realizarse por escrito dirixido ao Decano/a alomenos 3 horas antes do comezo da sesión.

Artigo 16. Das Comisións da Facultade

1. Ademais da Comisión Permanente, a Xunta de Facultade, a efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituir Comisións con carácter de apoio ou asesoramento e que non terán capacidade decisoria, debendo elevarse todas as propostas que se adopten á Xunta de Facultade ou ao Decano/a, no seu caso, que decidirán en última instancia. Estas poden ser estables (se recollen neste Regulamento) ou coxunturais.

2. As Comisións estarán compostas polos membros da Xunta de Facultade designados pola mesma. Os membros de todas as comisións serán elixidos no seo da Xunta de Facultade aplicando un criterio sectorial. Cada sector elixirá os seus representantes mediante un sistema de listas aberto, aplicando un criterio maioritario correxido (nunha lista non se pode votar mais de dous terzos do número de postos que hai que cubrir), que garanta o respecto as minorías.

3. As funcións que correspondan a cada Comisión asignaranse pola Xunta de Facultade.

4. Para o seu funcionamento e adopción de acordos rexeranse polas normas establecidas para a Xunta de Facultade no presente Regulamento.

5. Créanse as seguintes comisións de carácter estable:

- Comisión Permanente
 - Comisión de Garantía de Calidade
 - Comisión de Asuntos Económicos
 - Comisión de Persoal e Infraestruturas
 - Comisión de Actividades Culturais
 - Comisión de Mobilidade de Estudantes e Profesores
 - Comisión de Biblioteca (Artigos 14, 16 e 17 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Servizo de Biblioteca, aprobado no Consello de Goberno o 22 de maio de 2008)
-

Artigo 17. Comisión Permanente de Xunta de Facultade

1. Crearase unha Comisión Permanente, con competencias delegadas da Xunta de Facultade.

2. Na composición da Comisión Permanente manterase a proporcionalidade existente na Xunta de Facultade respectando as porcentaxes de representación asignadas a cada un dos diferentes colectivos. A composición da Comisión Permanente será a seguinte:

- a.- O Decano/a, que a presidirá.
- b.- Os Vicedecanos/as.
- c.- O Secretario/a da Facultade, que o será tamén da Comisión Permanente.
- d.- Unha representación dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de dez, segundo a representación sectorial establecida nos Estatutos da Universidade e distribuídos do seguinte xeito: seis profesores, tres alumnos e un membro do persoal de administración e servizos.

3. No seu funcionamento rexeranse polas normas recollidas nos artigos 11 a 15 do presente Regulamento, de aplicación para o funcionamento das Xuntas de Facultade. A periodicidade das súas sesións queda fixada en alomenos, 2 veces ao ano, previas á celebración da Xunta de Facultade.

4. Para a súa renovación seguiranse os mesmos criterios que establece o artigo 9.3 do presente Regulamento e polo disposto para as Xuntas de Facultade no Regulamento de Réxime Eleitoral ou, no seu caso, polos acordos da Xunta Eleitoral. En canto ao xeito de proceder no caso de modificación do número de membros da comisión, procederase do mesmo modo especificado no punto anterior.

Artigo 18. A Comisión de Garantía de Calidade

1. Ten por funcións:

- a. Constituírse en Comisión de Validacións/Adaptacións.
- b. Planificación e desenvolvemento da actividade docente, cumprimento do profesorado e organización do espazo físico (esta última en coordinación coa Comisión de Persoal e Infraestruturas).
- c. Coordinar e promover accións orientadas a mellorar a calidade educativa.
- d. Analizar e resolver as solicitudes de renuncia de convocatorias.
- e. Analizar as situacións académicas irregulares producidas na vida da Facultade
- f. Responsabilizarse de todos os aspectos relativos aos criterios de acreditación e de calidade de programas e titulacións.
- g. Estudar e resolver as reclamacións dos estudantes sobre as cualificacións académicas.
- h. Aquelas outras que expresamente lle sexan delegadas polo Pleno da Xunta de Facultade.
- i. Seguemento do desenvolvemento dos Planos de Estudo.

2. A Comisión de Garantía de Calidade estará composta:

- a. Presidencia: Decano/a.
 - b. Vicepresidencia: Vicedecano/a Responsable de Calidade.
 - c. Secretario/a: Secretario/a académico do centro, que actuará como secretario/a da comisión.
 - d. Vocais:
 - Coordinadores/as dos títulos oficiais de grao e mestrado.
 - Administrador/a, ou persoa da administración ou unidade de xestión académica integrada (UXAI) responsable da xestión administrativa das titulacións do centro en quen delegue.
 - 3 representantes do PDI do centro, designados pola Xunta de Facultade ou Centro.
 - 2 representantes dos estudantes (un de eles, se é posible, de terceiro ciclo), designados pola Xunta de Facultade ou Centro.
 - 1 representante do PAS do centro, designado pola Xunta de Facultade ou Centro.
 - Un técnico da UTC, con voz e sen voto.
-

Artigo 19. A Comisión de Asuntos Económicos

1. Ten por funcións:
 - a. Recibir as necesidades de dotación de medios e obras que necesitan os distintos servizos da Facultade.
 - b. Propoñer a distribución das partidas orzamentarias e, no caso de así decidilo o Pleno da Xunta de Facultade, realizar a distribución.
 - c. Aquelas outras que expresamente lle sexan delegadas polo Pleno da Xunta de Facultade.
 2. A Comisión de Asuntos Económicos estará composta polo Decano/a (ou membro do equipo directivo en quen delegue), como presidente/a, o Administrador/a, tres profesores, dous alumnos, un membro do persoal de administración e servizos e o Secretario/a da Facultade que o será tamen desta Comisión.
Se o representante do PAS non fora o Xefe de Negociado Económico, este incorporarase á Comisión con voz pero sen voto.
-

Artigo 20. A Comisión de Persoal e Infraestruturas

1. Ten por funcións:
 - a. Distribuír e xestionar os espazos adicados a docencia, investigación, administración e instalacións deportivas, e facer o seu seguemento.
 - b. Solicitar ás instancias oportunas a dotación de medios persoais e materiais necesaria para o correcto desenvolvemento das funcións que ten asignadas o Facultade.
 - c. Facer o seguimento do estado do(s) edificio(s), conservación e reparación, así como realizar cantos estudos lle sexan encargados pola Xunta de Facultade.
 - d. Informar e coordinar accións relativas á seguridade e á saúde dos traballadores.
 - e. Aquelas outras que expresamente lle sexan delegadas polo Pleno da Xunta de Facultade.
 2. A Comisión de Persoal e Infraestruturas estará composta polo Decano/a (ou membro do equipo decanal en quen delegue), como presidente, o Vicedecano/a responsable da Organización Académica, o Administrador/a, tres profesores, dous alumnos e un membro do persoal de administración e servizos, e o Secretario/a da Facultade, que o será tamen desta Comisión.
-

Artigo 21. A Comisión de Actividades Culturais

3. Ten por funcións:

- a. Encargarse da dinamización cultural da vida universitaria da Facultade.
- b. Decidir a organización daquelas actividades de carácter extracurricular que sexan de interese para o conxunto dos membros da Facultade.
- c. Colaborar nas actividades que organice o departamento ou calquera outro membro ou colectivo da Facultade.
- d. Coordinar as publicacións que se xeneren na Facultade.
- e. Aquelas outras que expresamente lle sexan delegadas polo pleno da Xunta de Facultade.

2. A Comisión de Cultura estará composta polo Decano/a (ou membro do equipo decanal en quen delegue), tres profesores, dous alumnos e un membro do persoal de administración e servizos.

Artigo 22. Comisión de Mobilidade de Estudantes e Profesores

1. Ten por funcións:

- a. Desenvolver as liñas de actuación da política de Relacións Internacionais da UDC.
- b. Propor aos órganos correspondentes da UDC novas liñas de actuación.
- c. Contribuir á ampliación e fomento dos Convenios de Cooperación que impliquen a mobilidade de estudantes e profesores da Facultade.
- d. Estudar e recomendar o cadro de equivalencias ERASMUS e SICUE.
- e. Seleccionar os candidatos para as bolsas de mobilidade seguindo os criterios determinados pola UDC.
- f. Facer o seguemento e coordinación de ditos Convenios de Colaboración.
- g. Informar os recursos interpostos por cuestións relativas a accións de mobilidade desenvolvidas por este centro.
- h. Aquelas outras que expresamente lle sexan delegadas polo pleno da Xunta de Facultade.

2. Estará composta polo Decano/a (ou membro do equipo decanal en quen delegue) como presidente/a, o coordinador/a da Facultade para os programas SOCRATES/ERASMUS e SICUE, dous profesores, dous alumnos, un membro do persoal de administración e servizos e o Secretario/a da Facultade, que o será tamen desta Comisión. Se o decano non delega no vicedecano de Relacións Internacionais do centro, este pasará a formar parte da comisión.

Artigo 22bis. Comisión de Biblioteca (artigos 14, 16 e 17 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Servizo de Biblioteca, aprobado no Consello de Goberno o 22 de maio de 2008).

A comisión de bibliotecas de centro é un órgano colexiado que permite a participación da comunidade universitaria na xestión da biblioteca do centro. As funcións das comisións de bibliotecas de centro ou intercentros son:

- a) Participar na proposta de mellora dos servizos, espazos e equipamento da biblioteca.
- b) Elevar propostas de mellora á Comisión de Biblioteca da UDC.
- c) Propoñer criterios de distribución do orzamento da biblioteca de centro.
- d) Velar polo cumprimento das directrices xerais na área da súa competencia, dentro do marco do Regulamento da UDC.
- e) Analizar as propostas, suxestións e reclamacións dos usuarios da Biblioteca que non poidan ser resoltas polo director da biblioteca de centro.
- f) Resolver calquera cuestión relacionada co servizo que lle someta a consideración o seu presidente/a ou un terzo, alomenos, dos membros da Comisión.
- g) Calquera outra función, dentro do ámbito da súa competencia, que lle sexa encomendada.

A Comisión de Biblioteca de Centro estará composta, alomenos, por:

1. Presidente: o decano ou director do centro, ou persoa en quen este delegue.
2. O director da biblioteca do centro.
3. Vogais:
 - a. Seis profesores elixidos pola Xunta de Centro. Ten que haber polo menos un profesor de cada un dos departamentos adscritos ao centro.
 - b. Tres estudantes elixidos por e entre os seus representantes en Xunta de Centro.
 - c. Un membro do PAS da biblioteca do centro.

O decano do centro comunicará ao director da biblioteca os membros que integran a Comisión de Biblioteca de Centro.

A duración do mandato dos membros electos será de catro anos, agás no caso dos estudantes que será de dous.

As comisións de bibliotecas de centros reuniranse polo menos dúas veces ao ano e sempre que as convoque o seu presidente ou o solicite un terzo dos seus membros.

SECCIÓN SEGUNDA.- DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 23. Do Decano/a de Facultade

1. Os decanos de facultade e directores de escola teñen a representación dos seus centros e exercen as funcións de dirección e xestión ordinaria destes.
 2. Serán nomeados polo reitor, logo de elección pola xunta de centro, entre profesores e profesoras con vinculación permanente á Universidade adscritos/as ao respectivo centro.
 3. A duración do mandato do decano ou director será de catro anos, podendo presentarse a unha soa relección consecutiva.
 4. O decano ou director cesará nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura, aprobada por maioría absoluta da xunta de centro.
-

Artigo 24. Funcións do Decano/a de Facultade

Corresponde ao Decano/a (artigo 42 dos Estatutos da UDC):

- a) Representar á Facultade.
 - b) Presidir as reunións da Xunta de Facultade e de calquera outro órgano colexiado delas e máis executar os seus acordos.
 - c) Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade, polo bo funcionamento dos servizos e polo mentemento da disciplina académica.
 - d) Dirixir e supervisar as actividades da Facultade, especialmente a organización das actividades docentes.
 - e) Proporlle ao Reitor o nomeamento e cesamento do Vicedecano/a ou Vicedecanos/as, e Secretario/a de Facultade.
 - f) Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos adscritos a Facultade.
 - g) Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, así como aquelas que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio.
-

Artigo 25. Vicedecano/a de Facultade

- 1.- Para o mellor desenvolvemento das súas funcións, o Decano/a contará co auxilio dos Vicedecanos/as, nas áreas de actividade ás que responda a súa denominación, que actuarán baixo a súa dirección e dependencia, sendo nomeados polo Reitor a proposta do Decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade (artigo 43.1 dos Estatutos da UDC).
- 2.- Cesarán por decisión do Reitor a proposta do Decano/a, a petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do Decano/a. Nos dous últimos casos, continuarán en funcións ata a toma de posesión dos seus sucesores.

3.- Serán funcións do Vicedecano/a dirixir e coordinar, baixo a autoridade do Decano/a, a área de competencia que este lles asigne.

No caso de existir varios, o Decano/a designará quen o deberá substituir no caso de ausencia ou enfermidade.

Artigo 26. Secretario/a de Facultade

1. O Secretario/a da Facultade é o feartario dos actos e acordos dos órganos de goberno e administración da Facultade. Será nomeado polo Reitor, a proposta do Decano/a, entre funcionarios adscritos ao mesmo. Cesará por decisión do Reitor a proposta do Decano/a, a petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do Decano/a. Nos dous últimos casos, continuará en funcións ata a toma de posesión do seu sucesor.

2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o Secretario/a será substituído polo Vicedecano/a que determine o Decano/a.

3. Serán funcións do Secretario/a, ademáis das legalmente establecidas, as seguintes:

- a) A formación e custodia dos libros de actas dos órganos colexiados da Facultade.
 - b) A recepción e custodia das actas de cualificación de exames.
 - c) A expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais da Facultade.
 - d) A custodia do selo da Facultade e do rexistro deste.
 - e) A publicidade dos acordos dos órganos colexiados da Facultade.
 - f) Calquera outra función que lle delegue o Decano/a ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio.
-

TÍTULO III. DA ACTIVIDADE DOCENTE

Artigo 27.- A especificidade dos estudos.

A Xunta de Facultade é consciente da importancia da docencia práctica na formación e capacitación dos estudantes, e que deben considerarse as propias peculiaridades e necesidades específicas destas ensinanzas.

Para elo a Xunta de Facultade arbitrará as medidas e medios necesarios para coñecer e fomentar a calidade de docencia impartida na Facultade. Establecerá os mecanismos de seguimento e avaliación, e para a súa adaptación aos estándares de calidade establecidos polos organismos competentes.

Artigo 28.- O Plano Académico

Previo ao comenzo de cada curso, a Xunta de Facultade tratará a aprobación, a proposta do decanato, do Plano Académico do curso seguinte. Este Plano contemplará o calendario, os horarios das materias, as datas das convocatorias oficiais de exames e outras que se consideren relevantes.

Artigo 29.- Criterios para a elaboración de horarios académicos

A xunta de facultade, para a optimización da actividade docente, é consciente da importancia que ten a elaboración dos horarios académicos de cada curso. Por isto, a Xunta de Facultade será o órgano que debe establecer e aprobar uns criterios xerais que garantan a súa correcta elaboración.

Artigo 30.- Criterios para a organización das titorías

A Xunta de Facultade, para a optimización da actividade docente, é consciente da importancia que ten a organización e a elaboración dos horarios de titorías de cada curso. Por isto, a Xunta de Facultade será o órgano que debe establecer e aprobar uns criterios xerais que garantan a súa correcta elaboración.

Artigo 31.- Criterios de agrupamento dos alumnos

A Xunta de Facultade, para a optimización dos estudos, establecerá e aprobará uns criterios de agrupamento dos alumnos nas materias que compoñen o Plan de Estudos, según as características teórico-prácticas das mesmas.

Artigo 32.- Utilización das aulas prácticas

A Xunta de Facultade recoñece a existencia de aulas prácticas e laboratorios de investigación no centro, cunha utilización docente específica. Por isto, a Xunta de Facultade, para a optimización da actividade docente nas mesmas, deberá establecer e aprobar uns criterios e normativas de utilización.

Artigo 33. Información da actividade docente

1. Os profesores deberán transmitir, en tempo e forma, a información requirida polo decanato sobre cuestións académicas.
 2. Os profesores con docencia na facultade comunicarán ao Departamento os horarios das súas titorías e este, nos prazos establecidos polo/a Decano/a, os comunicará á Facultade para a súa publicación.
 3. Os departamentos con docencia na facultade comunicarán aos profesores coordinadores de cada materia impartida na facultade que teñan encargada, que serán os responsables de entregar os programas e os criterios de avaliación nas datas previstas polo departamento.
 4. Os profesores con docencia na Facultade entregarán, en tempo e forma, as actas de cualificación de cada unha das convocatorias.
-

Artigo 34. Normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións de exames

1. O procedemento de avaliación, de cualificacións e de reclamación quedará ao dispoñible na normativa académica aprobada a tal fin en Consello de Goberno da UDC en data 02.06.2006, ou a que posteriormente a substitúa.
-

TÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artículo 35. Recursos económicos

1. Para a realización da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión a Facultade dispón:
 - a. Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
 - b. Dos recursos que os Orzamentos da Universidade da Coruña lle asigne.
 - c. Calquer outro recurso que puidera serlle atribuído.
2. Corresponde aos órganos de goberno da Facultade velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos á mesma. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos á Facultade, e esta será supervisada polo Decano/a.

Artigo 36. Competencias en materia económica

1. A Xunta de Facultade adoptará anualmente os criterios para a asignación de recursos da Facultade que serán destinados ao funcionamento do mesmo e á atención das tarefas que lle son propias.

2. Corresponde ao Decanato:

- a. Elaborar e presentar anualmente á Xunta de Facultade, para o seu debate e, no seu caso, aprobación, unha estimación dos ingresos e gastos da Facultade no seu conxunto co desglosamento máis pormenorizado posible dos capítulos e unidades de gasto previstos para o exercicio económico seguinte.
- b. Elaborar e presentar anualmente á Xunta de Facultade, para o seu debate e, no seu caso, aprobación, unha conta xeral dos ingresos e gastos da Facultade no seu conxunto distinguindo capítulos, conceptos e, no que sexa posible, unidades de gasto, unha vez rematado cada exercicio económico.

TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 37. Iniciativa de reforma do Regulamento

Poderán propor a reforma do presente Regulamento un terzo dos membros da Xunta de Facultade. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido ao/á Decano/a.

Artigo 38. Tramitación de reforma do Regulamento

O texto da proposta de reforma será enviado polo Decano/a aos membros da Xunta de Facultade, que disporán de quince días para presentar emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria da Xunta de Facultade para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria achegaránse as emendas presentadas que serán sometidas a debate e votación.

Artigo 39. Aprobación da proposta de modificación do Regulamento

Para a modificación do Regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros da Xunta e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

ÚNICA. Período de adaptación da Comisión Permanente e Comisións de traballo

A Comisión Permanente, así como o resto de comisións existentes na Facultade á entrada en vigor do presente Regulamento, extinguíranse no prazo máximo dun mes, debendo conformarse e constituírse a nova Comisión Permanente e demais comisións de conformidade co disposto neste Regulamento en dito prazo.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA. Derrogatoria

Queda derrogado o anterior Regulamento de Rexime Interno da Facultade.

SEGUNDA. Entrada en vigor

O presente Regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa aprobación polo Consello de Goberno.
